

> SAMUEL L. PARIS

POETA, BAIXISTA DE 'TERBUTALINA'

"É un gustazo de verán: auto-xestionado"

Poeta cando colle o baixo para os *Terbutalina* e punk cando escribe a man 25 poemarios previa demanda que entrega persoalmente. É de Muros e non lle presta o sistema literario galego. Aparte diso, todo ben.

Texto: X.M. Piñeiro
Imaxe: S. L. P.

Os poetas, como as bicicletas, son para o verán?

Non, os poetas non son para ningunha época do ano

E o punk? É ou non para o verán?

Faise difícil tocar cos pantalóns *piti-llo* nos días de tanta calor, a verdade, pero o punk é para calquera época do ano. Incluso para as sesións vermú que tanto se estilan agora. No verán os días son máis longos, hai máis luz, así que parece que tamén presta o de lle meter máis watsios.

Escribiches a man 25 poemarios inéditos que vas entregando persoalmente ás persoas que os pediron baixo demanda...

Pois si. Xa os fixen e agora estounos entregando, quedando coa xente persoalmente e dándollo en man. Así coñézoos. Quería saltar os intermediarios que hai na literatura, quería facer algo honesto e non caer no de sempre. Son 25, con 100 textos cada un e teñen partes comúns e outras singulares, polo que cada poemario é distinto.

O 'feito a man' de toda a vida levado á escritura...

Ía a charlas, a recitais e sempre saía a pregunta de se era mellor a literatura dixital ou en papel. E xa me cansaba do debate, así que un día dixen: esperade aí que ides ver o que é literatura analóxi-

ca de verdade, e púxenme a facer estes libros escritos a man.

Nunha entrevista defendías o 'humor' na literatura como elemento de combate ao que definías como 'lambeconismo'

A min gústame escribir, mais non me gusta o que ten escribir no sistema literario galego, ese ficar a ben con todo o mundo e falar ben de todos. Por iso intento estar á marxe e ir por libre. Ademais, son moi mal lector de poesía, de cada 5 libros que leo gústame 1.

Que elementos reuniría un 'hit de verán' de *Terbutalina*?

Pois nin idea, como todo en *Terbutalina*, sería a xente quen co-

llese esa canción e a convertese nun 'hit' de verán, porlle lle gusta ou porque lle peta. Nós facemos música para bailar e para a festa, para o goce.

Xa dixo '*Todopirolos*' que nos carceis dos concertos nos que tocades non cadran nunca grupos de mulleres. Que pasa? Que o rock non é "para chicas"?

Ráianos bastante que non as haxa. Nos concertos que montamos nós si que intentamos que estean grupos de rapazas, mais o certo é que non hai moitas no punk-rock. Cando tocamos fóra do país si que nos cadra máis partillar escenario con conxuntos con rapazas, como en Asturias ou Cantabria.

Lin nalgún lado que se che definía como o '*enfant terrible*' da literatura galega. Que facemos con quen escribiu iso?

Deixalo, meu pobre. Non creo que eu sexa o '*enfant terrible*' e desde logo non quero selo, non é a miña aspiración para nada, vamos.

Como é un verán perfecto para S.L.P.?

Tocar, tocar e tocar. A verdade é que entre o dos poemarios que escribin a man e entrego eu persoalmente, e co proxecto *Terbutalina*, onde nos auto-xestionamos todo, é un gustazo de verán. É un verán auto-xestionado.



OPINIÓN



X.M. Piñeiro

Thirteen brave men

No verán hai compromisos inexcusables para un. Un deles é escapar da obriga de ter que ir á praia e outra gozar da tempada de traiñeiras. Ambas as dúas non por raras son incompatíbeis, non crean. Combinan ben. O escritor, entre outras cousas, irlandés Brendan Behan dicía que un home non é un home se non escapa dalgunha das súas responsabilidades (neste caso, ir á praia no verán) para gozar dun deporte que se poida seguir cun vaso na man (aquí é onde vai o das traiñeiras). Sempre foi xente lista a irlandesa, malia non saber remar. *Thirteen brave men* soa a filme de Jhon Ford e John Wayne en Irlanda, como aquel de *O Home Tranquilo* - no que aparece a miña ameaza favorita: "Vas lamentalo até o día da túa morte, se é que vives até entón". Mais *Thirteen brave men* é a explicación que así, en inglés, un veterano mariñeiro de Vilaxoán con décadas de embarque na mercante dinamarquesa, lle espetou a unha turista que lle preguntaba que que eran aquelas embarcacións con remeiros a competir no porto. Doulla mentres sostiña un vaso na man, claro. Enchendo lixeiramente o peito. Despois mirou os compañeiros de barra e traduciu-lles con certa condescendencia: "*Trece machos*". Todos asentiron coa cabeza menos o taberneiro, que era "*pajillero*" (despectivamente, natural de Vilagarcía en vilaxoanés) e neutral. Desde que eu era un cativo o remo profesionalizouse no adestramento, técnicas, barcos, remos, estratexias, competición... Mantense o romanticismo no remeiro e afección. Segue a ser trece persoas metidas nun barco a pasar as de '*diosescristo*' remando mentres un patrón queima a gorxa dando ordes a berros. Como na vida mesma, mira ti.